CIG-SAÚDE*informa*

**Esiximos a inmediata negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo de Matronas de Atención Primaria.**

No ano 1993 publicouse o Decreto, do 29 de xullo, de Ordenación da Atención primaria en Galiza, que regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria, **EXCEPTO as Matronas**. Recolle na disposición transitoria cuarta que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

**26 ANOS DESPOIS** a Consellaría de Sanidade non tivo tempo de presentar ningunha proposta de réxime xurídico e retributivo para este colectivo.

**Por que será?**

Será por que todo o relacionado coa saúde da muller ocupa un papel secundario?

**QUE CONLEVA ESTA SITUACIÓN?**

| | |
|---|---|
| Un sistema retributivo baseado nun | **mapa sanitaric** |
| Un sistema retributivo que condena ás matronas a | **perdas retribu** |
| Un sistema retributivo que | **non recoñece** |
| Un sistema retributivo inxusto, que | **non recoñece** |
| Unha | **disfuncionalid** |
| Que | **non teñen un r** |

**Pero ADEMAIS**

**As necesidades de material das consultas de Matronas quedaron fóra do plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria**.

Algunhas das **padiolas de exploracións** son tan **arcaicas** que parecen de museo, e dificultan

enormemente o traballo a realizar nas exploracións ás mulleres.

Lamentamos que dos 8 millóns de euros que a Consellaría de Sanidade di que está a destinar á dotación de material, **ninguén se lembrase** de recoller as **peticións das matronas**.

**A CONSELLARÍA DE SANIDADE ten obriga de rematar con estes 26 anos de penalización.**